

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 13 DE OUTUBRO DE 2014.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa

Concelleiros:

D^a Ana María Abad López

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D. José Manuel Balseiro Canoura

D. Marco López López

D^a M^a Rosario Balseiro López

D. Leandro Quelle Franco

D. Manuel Angel Meitin Rouco

D. José Manuel López Hermida

(incorporouse as 19,10 horas ó inicio do debate do 3º punto da orde do día).

D. Alberto Santos Vázquez

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario:

D. Luís M. Fernández del Olmo

Intervención:

D^a Elena Santos Rey

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as dezanove horas do día trece de outubro de dous mil catorce, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros á marxe relacionados e do Secretario D. Luís María Fernández del Olmo, procedeuse a celebra-la sesión ordinaria convocada para a hora e día da data.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde-Presidente, declarouse aberta a sesión, procedéndose ó debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día.

1.-) APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 18 DE AGOSTO DE 2014. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Seguidamente, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntouse ós asistentes se tiñan algunha obxección que formular ó borrador da acta da sesión plenaria de data 18 de agosto de 2014.

Polo Secretario Municipal, ponse no coñecemento da Corporación que na transcripción do punto 6º da orde do día da sesión de referencia (proposta de Alcaldía sobre modificación puntual da relación de postos de traballo do

Concello de Xove), cometeuse un erro material que compre corrixir, de xeito que o nivel do complemento de destino que lle corresponde trala modificación de referencia ó posto de traballo nº 3.- *Administrativo-Actas-Informática* é o 22 non o 21 como por erro figura na acta.

Coa modificación de referencia, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aproba-lo borrador da acta da sesión plenaria devandita.

2.)MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA MARIÑA LUGUESA, PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á LEI 27/2013 DE 27 DE DECEMBRO SOBRE RACIONALIZACIÓN E SUSTENTABILIDADE DAS ENTIDADES LOCALES. APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación do expediente 13/2014 tramitado pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa para a modificación dos seus estatutos para adaptalos á Lei 27/2013 do 27 de decembro de Racionalización e sustentabilidade das entidades locais.

Polo Secretario Municipal, pónse no coñecemento da Corporación que o expediente de referencia afecta única e exclusivamente ó Art. 4 dos citados estatutos, donde se definen ó obxecto e fins da Mancomunidade.

Aberto o debate, polo Sr. Alcalde manifestase que é unha modificación puramente técnica.

Polo Sr. López López sinalase que o Grupo Municipal do BNG a pesar de que en efecto trátase dunha modificación técnica, por coherencia vai votar en contra, xa que a súa postura segue a ser a de considerar a Mancomunidade como un organismo absolutamente inútil e prescindible.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase que tamén vai votar en contra, polas mesmas razóns.

Rematado o debate, o Concello pleno, cos votos favorables dos Sres. Salgueiro Rapa, Quelle Franco, Abad López, Meitin Guerreiro, Iglesias Guerreiro, Balseiro Canoura, Balseiro López, e Meitin Rouco, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e co voto en contra dos Sres. López López e Santos Vázquez, acorda aproba-la modificación do Art. 4 dos estatutos da Mancomunidade de Concellos da Mariña Luguesa nos termos reflectidos no expediente de razón.

Neste intre, sendo as 19.10 horas, coa autorización da Presidencia, incorpórase á sesión o Concelleiro D. José Manuel López Hermida.

3.)MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, INTERESANDO O CONTROL DA ESPECIE INVASORA “HERBA DA PAMPA”. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da moción do epígrafe.

Polo Sr. López López, explícanse os aspectos máis salientables da devandita moción.

Polo Sr. Alcalde manifestase que en principio está de acordo co contido da moción pero considera absolutamente necesario que antes de adoptar calquera clase de medida, se solicite informe a órgano competente en materia medioambiental da Xunta de Galicia para que sexa dito órgano quen determine as medidas que no seu caso sexa necesario adoptar.

Polo Sr. López López considerase pertinente a petición do Sr. Alcalde polo que admite o engadido dun terceiro punto na parte dispositiva da moción, polo que se solicite informe á Xunta de Galicia, con competencias na materia.

Rematado o debate, a Corporación por unanimidade dos seus membros acorda aprobar, co engadido dun punto 3º a moción do epígrafe que a seguir se transcribe:

MOCIÓN PARA O CONTROL DA ESPECIE INVASORA “HERBA DA PAMPA”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A “herba da Pampa” ou “cortadeira” é unha planta invasora que provén de Sudamérica, que medra nunha mata densa e pode chegar aos tres metros de altura. Ten follas verdes, longas, estreitas, con beiras moi afiadas e cortantes. Ten flores en panícula branca sobre varas de dous a tres metros de altura. Adoita medrar de xeito doado e ficar como monocultivo en zonas onde houbo movementos de terras. Pola contra cústalle máis atopar espazo en bosques asentados, onde a súa presenza xeralmente é escasa e a propagación nesas condicións resúltalle difícil.

Foi introducida en Europa como planta ornamental xa que as flores, ao secaren, eran moi empregadas en floristería. Emprégase para adornar floreiros, ás veces tinguida de outras cores, para iso córtase cando é nova e sécase boca abaixo. É moi adaptable e pode medrar nunha ampla gama de ambientes e climas, se ben medra mellor en zonas cálidas. Moi prolífica, cada planta pode producir máis de un millón de sementes durante a súa vida.

Esta planta, que semella tan inofensiva, atópase entre as dez especies máis danosas da Península Ibérica. Aínda que non se trata de ningún animal e, polo tanto, nin roe persoas nin mata abellas, está considerada unha verdadeira praga e é preocupante a súa proliferación nas praias do municipio, nomeadamente na de Lago. Do mesmo xeito, e por desleixo institucional, a “cortadeira” está a espallarse por todo o concello, prendendo nos lugares máis húmidos e afastados das praias: beiras das estradas, áreas de descanso, etc.

En Nova Celandia e Suráfrica tamén está considerada especie invasora, estando prohibida a súa venda e propagación.

Por iso pedimos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Instar o goberno municipal a que teña en conta e tome conciencia desta praga, controlando a expansión desta especie invasora a través de medidas mecánicas e químicas.
- 2.- Asemade, e xa que a “cortadeira” adoita ser unha planta cun certo valor ornamental, instar o goberno municipal a que realice unha campaña de concienciación social para evitar a recollida e transporte da “herba da Pampa” polas persoas usuarias das praias coa finalidade de non espallar as sementes, desbotando tamén o seu emprego en xardinaría e floristaría.
- 3.- *Antes de adoptar calquera tipo de medida, solicitarase informe ó órgano competente na materia da Xunta de Galicia, sobre as medidas que no seu caso sexa necesario adoptar.*

4.) EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 25/2014 POR IMPORTE DE 28.000 € . APROBACIÓN INICIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO.

Por Secretaría dáse conta á Corporación da proposta de Alcaldía relativa ó asunto do epígrafe que a seguir se transcribe integramente:

“JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde-Presidente do Concello de Xove,

VISTA a Providencia de Alcaldía de data 6 de outubro de 2.014 pola que se ordea a incoación de expediente de transferencia de créditos.

VISTA a memoria elaborada pola Interventora Municipal na que se propoñen as partidas a incrementar e minorar como consecuencia do expediente.

VISTO o informe favorable emitido pola Interventora Municipal no que se establece asimismo que, de acordo co disposto no artigo 40.3 do RD 500/90, de 20 de abril, a competencia do Concello-Pleno para a aprobación do citado expediente.

Polo presente PROPOÑO:

ÚNICO.- Aprobar o expediente de modificación de créditos nº 25/2014 de Transferencia de Créditos por importe de 28.000,00 euros, do seguinte xeito:

TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO ENTRE PARTIDAS DE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO

<i>partida cedente</i>	<i>denominación da partida</i>	<i>crédito a ceder</i>	<i>crédito da bolsa</i>	<i>partidas a incrementar</i>	<i>aumento proposto</i>	<i>finalidade</i>
165.619 (P. 10/14)	Alumeado público. Outro investimento de reposición	28.000,00	312.020,63	342.622 (P. 2/13)	28.000,00	Instalacións deportivas. Construcións
	TOTAIS	28.000,00			28.000,00	

Polo Sr. Alcalde explícanse os aspectos máis salientables do expediente de referencia, sinalando que a causa fundamental do mesmo é a resolución do contrato da obra de Ampliación dos vestiarios do pavillón municipal, pola negativa do Concello a estimar as peticións de revisión de prezos por parte do adxudicatario, xa que non se contemplaban no prego da licitación e polos reiterados incumprimentos do adxudicatario.

Polo Sr. López López manifestase o seu total apoio á postura do equipo de goberno, xa que a costume de algúns contratistas de licitar á baixa para resultar adxudicatarios e despois solicitar modificacións de prezos é totalmente rexeitable.

Polo Sr. Santos Vázquez manifestase o seu voto a favor, por considerar o expediente totalmente xustifico.

Enterado, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión acorda aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 25/2014 do Orzamento Municipal de 2014 por importe de 28.000,00 € reflectido na proposta de Alcaldía anteriormente transcrita; sometelo ó preceptivo trámite de información pública por prazo de 15 días mediante anuncio a insertar no Taboleiro Municipal de Anuncios e a publicar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, sinalándose expresamente que no suposto da non presentación de alegacións ou reclamacións no citado prazo, o presente acordo entenderase automaticamente elevado a definitivo.

5.) LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO DE 2015 . DAR CONTA.

Pola Interventora Municipal dáse conta á Corporación, en cumprimento do disposto no Art.15.1 da Orden HAP/2015/2012 do 1 de outubro pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria Sostenibilidade Financieira, das liñas fundamentais do orzamento municipal para o vindeiro exercicio de 2015.

A Corporación dáse por enterada.

6.)ROGOS E PREGUNTAS.

Polo Secretario dáse conta á Corporación da pregunta formulada por escrito e rexistro de entrada nº 3267 polo Grupo Municipal do BNG que a seguir se transcribe íntegramente:

Marco López López, concelleiro-portavoz do Grupo Municipal do BNG na Corporación Municipal de Xove, ao abeiro da lexislación vixente, EXPÓN:

No noso concello en particular, e na Mariña en xeral, estamos a sufrir unha praga da especie invasora coñecida como avésa asiática (Vespa Velutina) que fixo a súa aparición no noso país no ano 2011 tras entrar en Europa no 2004. Segundo o seu ciclo biolóxico, a Vespa Velutina é un insecto diurno, que sae do niño só de día e volve ao anoitecer. As femias obreiras son estériles debido a unha hormona que desprende a raíña fundadora da colmea e que impide que as obreiras se volvan reprodutoras. Cando a avésa raíña morre, sen esa hormona no niño, as obreiras vólvense sexuais.

O Museo Nacional de Historia Natural de Francia (entidade pioneira no estudo da Vespa Velutina na Unión Europea) recomenda a retirada das colmeas no solpor ou no amencer, despois de inxectar un insecticida, tapar o burato de saída, baixar o niño e queimalo para que as aves non consuman as avésas mortas. Argumentan este xeito de proceder porque, de retirarse de día, o que acontecería é que todas as obreiras que figuran espalladas polo territorio poderían volverse raíñas pola ausencia do efecto da hormona da fundadora.

Desde o noso grupo municipal preguntamos:

Entende o goberno local que se procedeu con bo criterio no control da praga da avésa asiática en Xove? Esixirá o Concello algún tipo de responsabilidade por esta mala praxe?

Polo Sr. Alcalde contestase que estamos en presenza dun problema moi grave, xa que a presenza da vispa velutina aumenta ano tras ano dun xeito impresionante, sen que ata a data se atopara un sistema eficaz para acabar ou alomenos controlar esta praga.

Engade o Sr. Alcalde que a orixe da praga foi Francia e que este país leva máis de 10 anos estudando sistemas para solucionar-lo problema, sen que á data de hoxe se teña acadado un resultado definitivo.

Os protocolos de actuación postos en marcha pola Xunta de Galicia son os mesmos que os usados no resto do Estado e en Francia, pero é necesario recoñecer que cos mesmos se están a obter escasos resultados.

En Xove o problema agrávase máis se cadra pola grande cantidade de superficie forestal que permite a estas vispas colocar niños en lugares practicamente inaccesibles.

E sen mais asuntos que tratar, sendo dezanove horas e corenta e cinco minutos, levántase a sesión, estendéndose a acta presente, de todo o que como Secretario, dou fé.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

Asdo: Luís María Fernández del Olmo

